



Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
Asignatura (*)	Dimensión ética e procesos educativos na acción social		Código	615525004	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es		
Profesorado	Candedo Gunturiz, Maria Dolores Fatima	Correo electrónico	dolores.candedo@udc.es		
	Cruz Lopez, Laura		laura.cruz@udc.es		
	Serantes Pazos, Araceli		araceli.serantes.pazos@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A materia parte do cuestionamento da primacía da razón instrumental en todos os ámbitos da vida (tamén no social), orientada ao cálculo de probabilidades para lograr o máximo pracer. Unha racionalidade que non garante a xustiza, porque que algo sexa tecnicamente posible non significa que sexa humanamente aceptable. Son precisas as dúas dimensións, técnica e ética.</p> <p>Así, fronte ao relativismo moral propio da postmodernidade neoliberal, onde non hai criterios éticos compartidos, todo vale e vale igual, defendemos unha ética cívica universal, dialóxica, participada, argumentada. Unha ética aplicada entendida como saber práctico encamiñado a tomar decisións prudentes e moralmente xustas (Adela Cortina).</p> <p>Compartimos con Joan Canimas a necesidade de converter a ética nunha práctica subversiva ademais de reflexiva (que indague nas sombras, nas grietas, nos límites) e situacionista, que promova situacións nas que sexan posibles outras formas de vida e alteridade desexables. Na materia, trasladamos esta práctica a diferentes ámbitos de acción social: servizos sociais, prostitución, diversidade funcional, persoas maiores, educación ambiental e social en xeral.</p> <p>Ademais, en tanto que ética aplicada, a materia ten como obxectivo ser capaces de identificar problemas e dilemas éticos na práctica social e ter ferramentas para atopar respostas dialóxicas aos mesmos.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Integrar a racionalidade ética na acción social profesional	AM1	BM1	CM1
	AM2	BM2	CM3
	AM4	BM4	CM5
	AM5	BM8	CM6
	AM8	BM12	CM7
		BM13	
		BM14	
		BM19	
		BM20	
		BM21	
		BM22	



Analizar e valorar procesos educativos de participación e promoción da autonomía das persoas	AM6 AM7 AM8	BM1 BM5 BM6 BM8 BM12 BM13 BM14 BM18 BM20	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7
Identificar problemas e dilemas éticos asociados aos principios de xustiza, autonomía, liberdade, sostenibilidade, protección, confidencialidade, entre outros	AM1 AM2 AM3 AM4 AM5	BM1 BM2 BM4 BM5 BM8 BM14 BM21 BM22	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7
Utilizar o enfoque dialóxico para a abordaxe de conflitos éticos e a toma de decisións	AM1 AM2 AM3 AM4 AM5 AM6 AM7 AM8	BM1 BM2 BM4 BM5 BM6 BM8 BM12 BM13 BM14 BM18 BM19 BM21 BM22	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Razón instrumental versus razón moral: ética dialóxica	1.1 O triunfo da razón instrumental: consecuencias na acción social 1.2 Razón moral e ética dialóxica
2. Xustiza social, democracia e cidadanía	2.1 Democracia radical e democracia participativa 2.2 Cidadanía Global e educación para o desenvolvemento 2.3 Movementos sociais e sostenibilidade
3. Dignidade como fundamento: autonomía e toma de decisións	3.1 Liberdade e neoliberalismo 3.2 Coidado centrado nas persoas 3.3 Informes técnicos e confidencialidade como dilema
4. Fontes e dilemas de conflitividade moral: límites dos principios éticos	4.1 Cuestións, problemas e dilemas morais 4.2 Estratexias para a xestión de dilemas 4.3 Principios éticos na avaliación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Análise de fontes documentais	A1 A2 A4 A7 A8 B1 B2 B4 B12 B18 C3 C4	0	52	52
Seminario	A1 A2 B2 B20 B21 B22 C1 C2 C4 C6	22	0	22
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B2 B4 B5 B8 B13 B14 B18 B19 B20 C3 C4 C5 C6	16	0	16
Eventos científicos e/ou divulgativos	B6 B13 B14 B18 B19 B20 B21 C3 C4 C5	4	0	4
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B4 B5 B6 B8 B13 B14 B18 B19 B20 B21 B22 C1 C5 C6 C7	0	56	56
Atención personalizada		0		0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todas as persoas participantes no seminario. Para o estudiantado matriculado na modalidade online habilitarase un foro virtual.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia. Os casos a analizar colgaranse no Moodle para o estudiantado da modalidade online.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.), co obxectivo de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao estudiantado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo estudiantado de forma individual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Para o estudiantado da modalidade online empregarase o correo electrónico ou outros medios virtuais para realizar as titorías solicitadas. Para o estudiantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B4 B5 B6 B8 B13 B14 B18 B19 B20 B21 B22 C1 C5 C6 C7	Recolle as prácticas, reflexións, estudos de casos... arredor dos contidos abordados nas diferentes sesións. Algunhas actividades serán de elaboración individual e outras obxecto de traballo grupal. Valorarase: a capacidade de análise e reflexión en relación aos contidos abordados na materia; o grao de profundidade e da argumentación; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización das fontes documentais da materia; e a presentación.	70
Seminario	A1 A2 B2 B20 B21 B22 C1 C2 C4 C6	Valorarase a participación nas sesións presenciais e virtuais a través dos foros, especificamente no que se refire a: - Comprensión dos contidos abordados. - Apoio na documentación traballada. - Calidade das argumentacións (coherencia lóxica, capacidade explicativa...). - Creatividade das achegas. - Capacidade de establecer conexións coa experiencia (exemplificación). - Problematización e cuestionamento. - Claridade e corrección lingüística.	30

Observacións avaliación

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Andreotti, Vanessa (2014). Educação para a Cidadania Global ? Soft versus Critical. Sinergias ? diálogos educativos para a transformação social, n. 1, pp. 57-66- Ballesterro, Alberto; Úriz, María Jesús e Viscarret, Juan Jesús (2012). Dilemas éticos de las trabajadoras y los trabajadores sociales en España. Papers, 97/4, 875-898- Canimas, Joan (2017). Ética aplicada a la educación social. Barcelona: UOC- Canimas, Joan (2017). ¿Cómo resolver problemáticas éticas?. Barcelona: UOC- Comité de Ética de los Servicios Sociales de Cataluña (2014). La confidencialidad en la intervención social: recomendaciones del Comité de Ética de los Servicios Sociales de Cataluña. . Generalitat de Catalunya.- Cortina, Adela (2001). Ética aplicada y democracia radical. Madrid: Tecno- Cortina, Adela (2015). Razón instrumental, razón moral. Eidon, 43, 4-15- Fraser, Nancy (2011). Dilemas de la Justicia en el siglo XXI. Género y Globalización. Universitat de les Illes Balears- Gimeno, Beatriz (2012). ¿Es la prostitución un problema moral? En, La prostitución (pp.85-116). Barcelona: Bellaterra- Grupo promotor del Comité de ética en intervención social del principado de Asturias (2013). La confidencialidad en Servicios Sociales. Guía para mejorar las intervenciones profesionales. Consejería de Bienestar Social y Vivienda del Principado de Asturias.- Honneth, Axel (2014). El derecho de la libertad. Esbozo de una eticidad democrática. Madrid: Clave Intelectual- Idareta-Goldaracena, Francisco e Ballesterro-Izquierdo, Alberto (2013). Ética, paternalismo y burocracia en el trabajo social. Portulalia, 13(1), 27-35- Martínez Rodríguez, Teresa; Díaz-Veiga, Pura; Rodríguez Rodríguez, Pilar; Sancho Castiello, Mayte (2015). Modelo de atención centrada en la persona. Cuaderno práctico 11: Vida cotidiana. Los cuidados personales. Donostia: Departamento de Empleo y Políticas Sociales del Gobierno Vasco y Matia Fundazioa- Piniagua Fernández, Rosario (2015). La ética del cuidado y mayores: Los cuidados a las personas mayores desde un horizonte ético y en la búsqueda de la calidad de vida. Madrid: Fundación Europea para el Estudio y Reflexión Ética- Rodríguez-Romero, M. Mar e Serantes-Pazos, Araceli (2010). Educación ambiental e novos movementos sociais: aportacións para o cambio educativo. ambientalMENTE sustentable, n. 11-12, pp. 101-121- Román, Begoña (2016). Ética de los servicios sociales. Barcelona: Herder- Sánchez-Valverde, Carlos (2013). Informe y confidencialidad en educación social. Educación Social. Revista de intervención socioeducativa, 55, 146-163.- Taylor, Charles (1994). Ética de la autenticidad. Barcelona: Paidós- Vilar, Jesús (2013). Cuestiones éticas en la Educación Social. Barcelona: UOC- VV.AA (2010). La Democracia en Acción: Una visión desde las metodologías participativas. . Madrid: Antígona
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Goikoetxea Iturregui, Marije e Etxaniz Urteaga, Nerea (coords.) (2013). Atención integral a las personas mayores al final de la vida. Guía de recomendaciones éticas. Donostia: Gobierno Vasco. Departamento de Empleo y Políticas Sociales- Goikoetxea, María Jesús; Zurbanobeaskoetxea, Lourdes; Mosquera, Álvaro e Pablos, Begoña (2015). Código Ético para la atención sociosanitaria a las personas mayores. Cuadernos Deusto de Derechos Humanos, nº 78.. Bilbao: Universidad de Deusto- LaGravenese, Richard (2007). Diarios de la calle. Madrid: Paramount Home Entertainment España- Loach, Ken (1994). Ladybird Ladybird. Barcelona: Cameo-Media- Garrido, M^a Isabel e Ruiz, Ramón (Eds.) (2014). Democracia, gobernanza y participación. Valencia: Tirant lo Blanc- Loach, Ken (2016). I, Daniel Blake. Barcelona: Cameo-Media- Daniels, Lee (2010). Precious. Madrid: Warner Bros- Tavernier, Bertrand (1999). Hoy empieza todo. Barcelona: Manga Films- Zubero, Imanol et al. (2015). Municipios y participación ciudadana. Madrid: Fuhem



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías